



NORMAS DE SAÍDAS E RECOLLIDA DO ALUMNADO AO REMATE DO HORARIO LECTIVO

En aplicación neste centro escolar da INSTRUCCIÓN CONXUNTA 9/2017 DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DA DIRECCIÓN DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS establécense as seguintes NORMAS:

1º ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL, 1º, 2º, 3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1º.1. Recollida ao rematar as clases lectivas, actividades extraescolares e excursións ou visitas culturais.

Os alumnos serán recollidos nas instalacións do centro educativo polas persoas responsables (pais, nais, titores legais e acolledores familiares) no horario fixado de saída de clases e actividades extraescolares.

Autorizacións: Os pais poderán **autorizar formal e expresamente** a outro adulto ou a un irmán/á que curse 5º e 6º de primaria, educación secundaria, FP ou bacharelato, a recoller aos pequenos, **cubrindo unha ficha** cos datos persoais e de contacto da persoa autorizada e entregándoa no colexio.

Pais e nais separados/divorciados: En caso de pais e nais separados ou divorciados, seguiranse as determinacións previstas na **sentenza xudicial** ou convenio regulador, que terán que presentar no colexio. Neste caso, a persoa encargada de recoller ao alumno será a que teña ao seu favor a garda e custodia ou a persoa que ela autorice expresamente, agás os días de visita que teña asignados o outro proxenitor nos que este poderá recoller ao seu fillo/a.

Demoras: As persoas encargadas de recoller ao alumnado terán a obriga de comunicar ao centro calquera retraso que poidan sufrir, establecéndose un tempo prudencial de espera de 10 minutos, transcorrido o cal o centro chamará aos responsables e, de non obter resposta, conducirase aos escolares ás dependencias da Policía Local.

A reiteración en máis de 4 ocasións desta circunstancia poderá dar lugar á comunicación dos feitos ao Servizo Provincial de Menores.

Saídas antes da hora prevista: En todo caso, os escolares non poderán ausentarse do centro antes da hora prevista, agás que os pais/nais así o comuniquen de **xeito motivado**, tendo que **vir recollelos** eles mesmos ou persoas autorizadas expresamente por eles.



PARA FACILITAR A ENTREGA DO ALUMNADO DE 3º E 4º ÁS FAMILIAS POR PARTE DOS SEUS TITORES/AS, RÓGASE QUE AS FAMILIAS DEIXEN LIBRE O PORCHE PARA O ALUMNADO E OS ESPEREN NA PISTA

2º. ALUMNADO DE 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

2º.1. Recollida ao rematar as clases lectivas, actividades extraescolares e excursións ou visitas culturais.

Os alumnos/as destes cursos poderán saír no horario previsto **sós** do colexio, sempre que os seus pais/nais presenten ante a dirección do centro unha **autorización expresa** ao respecto, eximindo á Consellería de calquera responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poidan sufrir os escolares.

Recollida: Igualmente poderán ser recollidos no colexio no horario de saída se así o manifestan os pais/nais, tendo que recollelos eles mesmos ou persoas autorizadas expresamente. Nestes casos, os escolares permanecerán custodiados no colexio mentres non se produza a súa recollida efectiva.

Demoras: procederase da mesma forma que o expresado anteriormente para o alumnado de menor idade. Ante demoras reiteradas na recollida do alumnado (máis de 4 veces) sen comunicación previa poderase proceder a revisar o medio de saída do centro escollido para os alumnos.

Saídas antes da hora: En todo caso, os escolares non poderán ausentarse do centro de ensino antes da hora prevista de saída, agás que os pais/nais así o permitan e autoricen de xeito motivado, precisando as condicións da súa marcha sós ou sendo recollidos por eles mesmos ou persoa autorizada.

Esta autorización non poderá realizarse por vía telefónica senón mediante escrito.

Lugo, 1 de setembro de 2017

A dirección.